XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

Guía rápida

Admisión FP 2026-2027



Formación Acelerada

XUNTA DE GALICIA

Que é a Formación Acelerada

- **Bloque** coherente de **módulos** que dan lugar, a lo menos, a unha certificación académica e profesional.
- Concéntrase nun **período curto de tempo**, de catro a seis meses.
- **Dúas edicións por curso académico**: a primeira edición de setembro a xaneiro e a segunda edición de xaneiro a xuño.
- En cada solicitude poden incluirse catro peticións de Formación Acelerada.

XUNTA DE GALICIA

Finalidades da Formación Acelerada

- Obter unha cualificación de xeito rápido.
- Acumular esta formación para obteren posteriormente un título.
- Facilitar o acceso ao emprego nos sectores clave para Galicia nos que existe plena inserción profesional.

XUNTA DE GALICIA

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Do 15 xuño ás 9 h

ata o 30 xuño ás 13 h

XUNTA DE GALICIA

Unicamente será tida en conta a última solicitude realizada para cada oferta

Formación Acelerada

XUNTA DE GALICIA

Requisitos de acceso

- Ser maior de idade ou facer os 18 anos no ano 2026.
- Dispor dos requisitos de acceso aos ciclos de grao básico, medio ou superior, segundo corresponda co nivel das ensinanzas ofertadas.

XUNTA DE GALICIA

Solicitude

- Unha **solicitude** para **Formación acelerada** a través de: → Ciclosadmisión
- A **aplicación avisará** se fose necesario achegar documentación. → Pódese engadir en soporte electrónico.
- A aplicación informará se é necesario presentar **resgardo da solicitude e documentación** nun centro. → Sucede cando os datos non se achegan, son insuficientes ou non se dá permiso para que a Administración os consulte.



XUNTA DE GALICIA

Lembra!

No momento en que te matricules para o curso 2026-2027 en:	Finalizará a participación no proceso de admisión e xa non será adxudicada praza no resto de opcións solicitadas (*) (*) agás o disposto para matrícula simultánea
ESO	
Bacharelato	
FP (*) (*)aínda que sexa só FCT	
No momento en que teñas praza adxudicada ou te matricules en:	
FP Dual intensiva	
Formación acelerada	
Cursos de especialización	

XUNTA DE GALICIA

🔍 Consulta de información

Para a consulta da situación individual pódese usar:

- DOI e o código da solicitude.
- Usuario e contrasinal de edu.xunta.gal (exemplo, usuarios de NERTA).
- Chave 365.
- Certificado dixital.

Toda a i**nformación** do proceso de admisión a FP pódese atopar en:

www.edu.xunta.gal/fp

XUNTA DE GALICIA

Resolución provisional

O día **3 de xullo** poderase consultar a **resolución provisional**.

O prazo de **reclamacións** é desde o **día 3 de xullo ás 9:00 horas ata o 7 de xullo ás 13:00 horas**.

Poderase consultar na ligazón Ciclosadmisión

XUNTA DE GALICIA

Resolución definitiva

- O día **10 de xullo** poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución definitiva.
- Pódese consultar na ligazón [Ciclosadmisión]



XUNTA DE GALICIA

Adxudicación de praza e matrícula

- O **10 de xullo** resolverase e a relación de persoas admitidas e en espera en cada Formación acelerada.
- As persoas adxudicadas deberanse **matricular** desde o **día 10 de xullo ás 9:00 horas ata o día 15 de xullo ás 13:00 horas**.
- De non facelo **perderán o dereito** a matrícula sobre as praza adxudicada.
- A matrícula realizarase a través da aplicación Ciclosadmisión
- No caso de que algunha persoa non se matricule na Formación acelerada adxudicada e haxa listaxe de espera, o centro procederá a chamar ás persoas que se atopen nela a través do proceso de adxudicación continuada.

XUNTA DE GALICIA

Adxudicación continuada

No caso de Formación acelerada con listaxe de espera, abrirase o proceso de adxudicación de **prazas vacantes**.

Os prazos abrirán entre o **16 de xullo ás 9:00 horas e o 31 de xullo ás 13:00 horas e o 1 de setembro ás 9:00 horas e o 25 de setembro ás 13:00 horas**.

Os centros con prazas nesta situación, efectuarán **chamamentos telefónicos** ás persoas que corresponda segundo a **listaxe de espera** para cubrir as prazas vacantes.

As chamadas efectuaranse aos **números de teléfono** consignados na solicitude de admisión e haberá unicamente **tres intentos**, separados por **media hora**.

XUNTA DE GALICIA

Liberación de prazas

Pódense liberar prazas vacantes de Formacióna **ata o 25 de setembro ás 13:00 horas**.

É necesario acreditar o cumprimento dos requisitos de acceso no momento da matrícula no centro educativo.

Non hai excepcións aos requisitos de acceso para optar a unha praza liberada de Formación acelerada.

Esta consulta poderase facer na ligazón www.edu.xunta.gal/fp

XUNTA DE GALICIA

Acceso de persoas con titulación estranxeira

! Os datos persoais e académicos da credencial de homologación ou da declaración responsable para inscrición condicionada teñen que coincidir cos da solicitude de admisión.

No espazo habilitado na aplicación para cargar a documentación de estudos estranxeiros deberase achegar:

Se dispón de homologación do título estranxeiro:

- Documento oficial de identidade (DOI).(1)
- Homologación do título.

(1) Cando a identidade coa que se obtivo a homologación sexa diferente ao DOI, será necesario achegar certificado do Rexistro Civil ou da Policía onde se acredite que se trata da mesma persoa.

Se non dispón da homologación:

- Documento oficial de identidade.
- Solicitude de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanzas non universitarias co selo de rexistro de entrada.
- Declaración responsable para inscrición condicionada en centro docente e/ou exame oficial co selo de rexistro de entrada.
- Resgardo de pagamento da taxa de solicitude de homologación (excepto para o título de ESO).